

Insistimos nos sábados

A expectativa de pechar os sábados desde este mes, en Banco Sabadell, ben sexa porque acadásemos un acordo ou porque a Dirección aceptase a moratoria que solicitamos, non foi posible.

Na reunión de onte, a empresa mantivo o discurso de que se sente «cómoda» no actual horario e que só considera negociar o peche de sábados pola presión mediática que xerou o pacto do Santander.

Desde esa suposta «comodidade», a súa proposta de peche de sábados está vinculada a obter vantaxe competitiva comercial e propón intercambiar as horas dos sábados por dúas tardes, aínda que non desbota a posibilidade dunha tarde.

A realidade é que Banco Sabadell e outras entidades bancarias manteñen unha actitude expectante á espera de coñecer o que ocorra en BBVA, onde as conversas sobre a xornada se moven na posibilidade de traballar unha tarde á semana.


COMFIA-CCOO si queremos a libranza definitiva dos sábados para todos. Nós expoñemos que podemos discutir o peche do sábado desde a nosa preferencia polo horario do Santander, que inclúe como contrapartida unha cláusula de flexibilidade da xornada anual para os técnicos, ata a posibilidade doutras alternativas eficaces e viables. En calquera caso, nós entendemos que para acadar un acordo sobre xornada cómpre o apoio do cadro de persoal.

Queremos os sábados libres e queremoslos canto antes, cremos que este é o momento e pensamos que a «comodidade» da empresa, se pasa o tempo, pode converterse en «incomodidade», dependendo do que ocorra no resto de entidades.

Imos seguir mantendo conversas e informáremosvos puntualmente.

2 de outubro de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:	
Domicilio		
Poboación	C.P.:	
Cta. de cargo		
		DNI
		Data / /
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>		